

## **PRÓRROGA DE AXUDAS DE ALUGUER PLAN ESTATAL DE VIVENDA**

### **INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

#### **Obxecto**

Convocar unha prórroga para as persoas que resultaron beneficiarias das axudas ao alugamento na convocatoria de 2021 ( código do procedemento VI432B) nos programas de:

LIÑA A: Axuda ao alugamento de vivenda a sectores de poboación con escasos medios económicos.

LIÑA B: Axuda á mocidade ( menores de 35 anos) para o alugamento de vivenda habitual e permanente.

#### **Requisitos das persoas beneficiarias**

Persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude de renovación da axuda cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter obtido a condición de persoa beneficiaria da axuda na convocatoria de 2021 e non ter perdido o dereito á subvención.
- b) Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.
- c) Ser titular, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano.
- d) Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente,
- e) Que a renda mensual da vivenda alugada non supere os 300€ para o caso do Concello de Touro.
- f) Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,7 veces o IPREM. Para o cómputo destes ingresos non serán de aplicación os coeficientes multiplicadores previstos no artigo 12.4 das bases reguladoras.
- g) Que os ingresos das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a dúas veces o IPREM

\* IPREM 2021: 7.908,60 euros.

Este límite será de catro veces o IPREM se a unidade de convivencia é unha familia numerosa de categoría xeral ou ten persoas cunha discapacidade distinta das sinaladas a continuación. O límite será de cinco veces o IPREM cando a unidade de convivencia sexa unha familia numerosa de categoría especial ou teña persoas con algún dos seguintes tipos de discapacidade:

- Parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.
- Discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

h) Non ser propietario ou usufrutuario dalgunha vivenda en España.

- b) Non ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa arrendadora da vivenda.
- c) Non ser socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.
- d) Non ser inquilina dunha vivenda xestionada polo IGVS ou por calquera Administración pública.
- e) Non ter sido beneficiaria das axudas de calquera das dúas liñas deste programa no Plan 2018-2021.

f) Atoparse ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

### **Duración das axudas e retroactividade das axudas**

As axudas concederanse por un prazo máximo dun ano, desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

### **Contía das axudas**

Para a liña para la liña A: 40 % da renda mensual do aluguer. Non obstante, para as persoas beneficiarias que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, esta axuda será do 50 % da renda mensual do aluguer.

Para a liña B: 50 % da renda mensual do aluguer

### **Pazo de presentación de solicitudes**

Entre os días 01 e 31 de marzo de 2022

### **Modo de presentación das solicitudes**

Mediante a presentación do anexo desta resolución (VI432B), preferiblemente por vía electrónica (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Máis información:** Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfonos: 981504000/981504029 Extensión 1

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2021 pola que se convoca a renovación das axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 de 2021 para o ano 2022 (código de procedemento VI432B). DOG do 30 de decembro de 2021.